

Nota de prensa

SINATURA ENTRE O CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA E A XUNTA DE GALICIA DO ACORDO ECONÓMICO SOBRE A ASISTENCIA XURÍDICA GRATUÍTA

- **O baremo que regula a asistencia xurídica gratuíta en Galicia non se actualizaba desde o ano 2006**
- **O Consello da Avogacía Galega agradece á Xunta a súa disposición e mellora do baremo mais sinala que a inversión en Asistencia Xurídica Gratuíta e nas remuneracións debe ser maior**

A Coruña, 20 de outubro de 2017. Na mañá de hoxe tivo lugar na Sede do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela a sinatura do acordo económico sobre a asistencia xurídica gratuíta entre a Xunta de Galicia e o Consello da Avogacía Galega, nun acto no que participaron o Vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, e o Presidente do Consello da Avogacía Galega, Félix Mondelo.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten as competencias para o funcionamento da Administración de Xustiza, entre nas que atopa o pagamento da compensación económica aos colexios de avogados e de procuradores dos tribunais polas actuacións dos seus colexiados no ámbito da asistencia xurídica gratuíta.

Desde o ano 2006 estiveron conxeladas as cantidades indemnizadoras pola prestación dos servizos de asistencia letrada e defensa gratuíta. Co acordo asinado hoxe entre Xunta e Consello da Avogacía Galega actualízanse estes baremos cun incremento variable de arredor do 8%, así como introducir outros conceptos ata o de agora non recollidos.

Segundo Félix Mondelo, Presidente do Consello da Avogacía Galega “Con esta subida, Galicia segue a estar á cabeza do Estado Español no que se refire ás contías das remuneracións aos letrados da quenda de oficio, e nalgún concepto en primeira posición. Mais non podemos estar contentos, porque o investimento en Xustiza Gratuíta está por debaixo dos estándares europeos, e queremos que as actuacións se remuneren dignamente. Así llo fixen saber ao Vicepresidente, a quen de todos modos agradezo a súa disposición ao diálogo e o seu esforzo por satisfacer as nosas reivindicacións. Con este acordo melloramos as cantidades que perciben as avogadas e os avogados da quenda de oficio, mais seguiremos loitando porque dito labor acade un mellor recoñecemento e desde o Consello faremos todo o posíbel para iso”.

O baremo económico actualizado recollido neste acordo estará en vigor no último trimestre do 2017.

Sobre o Consello da Avogacía Galega

O Consello da Avogacía Galega, creado en 1993, é o **órgano superior da administración colexial da avogacía galega, aglutinando a tódolos Colexios de Avogados de Galicia: A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol, Santiago de Compostela e Vigo.**

Así, ten por obxecto **agrupar e coordinar os distintos colexios integrados, e asumir a súa representación en cuestións de interese común profesional, no ámbito autonómico.** Como máximo representante da profesión en Galicia, **o Consello vela polo correcto exercicio da profesión e é o máximo interlocutor perante a administración e a sociedade.** Entre outras funcións, ocúpase de **coordinar** a acción dos Colexios de Avogados de Galicia, exercer o **control deontolóxico** dos seus membros, organizar o **servizo de orientación xurídica e a quenda de oficio** e procurar a **formación continuada dos profesionais.**